

ARNOIA

Un paraíso
Para disfrutar



Organiza:



CONCELLO
DE ARNOIA



Coa colaboración de:



Tel: 988 492 562

ARNOIA 2015

XXXVI FESTA do PEMENTO

DO 31 DE XULLO
AO 2 DE AGOSTO



DECLARADA DE
INTERESE TURÍSTICO



XUNTA
DE GALICIA



CONCELLO DE ARNOIA

SAÚDA DO ALCALDE 2015

Xa estamos a celebrar os trinta e seis anos da Festa do Pemento de A Arnoia. Que lexos quedan **aqueles** primeiros anos **nos** que se celebraba no campo de **fútbol**, e **ao** mesmo tempo con que rápidez evolucionou esta fermosa festa ata chegar a ser Declarada de Interese Turístico Galego.

Se por algo se caracterizou sempre esta celebración gastronómica foi pola implicación e traballo desinteresado de moitas veciñas e veciños, que ano tras ano, deciden meterse entre os fogóns e **as tixolas**, renunciando á festa, para que os que nos visitan poidan disfrutar dela. Sen esa dedicación sería imposible chegar **aos niveis** que se ten chegado.

Os que vindes á festa, ano tras ano, e os que vindes por primeira vez, aconsellarvos que degustedes os nosos exquisitos pementos, sempre acompañados do bo viño do Ribeiro, e todo elo complementado co leite e disfrute das variadas e espectaculares actuacións musicais e dos actos lúdicos, culturais e deportivos.

Támén recordaros a todos, as posibilidades turísticas que ofrece este agradable Concello, **áreas** recreativas, paseo fluvial, vistas pintorescas, rutas, turismo rural e tamén a posibilidade de pasar uns días de relax e tranquilidade no renovado Balneario de A Arnoia.

Gracias por acercaros a **este** fermoso pobo e desexarvos que disfrutedes do seu encanto e da nosa festa. É o desexo de todos os meus colaboradores e o meu propio.

Unha aperta,

Rodrigo Aparicio Santamaría

ALCALDE DE A ARNOIA

SEMANA CULTURAL

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

25-26 de xullo / Maratón de futbito no pavillón de deportes: XIII Memorial "Shuster e Fonsi".
02 de agosto ás 10:00h. / I carreira popular "8.000 varas de Arnoia".

SALÓN DE ACTOS da COOPERATIVA

29 de xullo ás 22:00h. / A Asociación de Mulleres Rurais representa as obras de teatro "Para o amor nunca é tarde" e "O diñeiro é bo compañeiro"

ACTIVIDADES NO CAMPO DA FESTA (A QUEIXEIRA)

20-30 de xullo / Campamento de verán con festa de despedida o día 30 ás 21:00h.

PROGRAMA XXXVI FESTA DO PEMENTO DA ARNOIA (I FESTIVAL - CERTAME DE PANDERETEIRAS ARNOIA VIVA)

XOVES, 30 de xullo.

12:00 h. Gran folión anunciador do comezo da "XXXVI FESTA do PEMENTO".
21:00 h. Xogos infantís e remate do campamento de verán.
00:00 h. Verbena co dúo CHARADA.
03:00 h. Sesión Disco...

VENRES, 31 de xullo.

20:30 h. Inauguración oficial da "XXXVI FESTA do PEMENTO" coa presenza de autoridades autonómicas e provinciais acompañadas pola charanga SORCHA de Ribadavia. Visita aos stands da festa. A esa mesma hora prenderase o lume e comezará a fritura dos PEMENTOS da ARNOIA.
21:30 h. Pregón a cargo do actor - humorista galego XOSÉ TOURINÁN.
22:00 h. Degustación dos pementos na compañía da charanga SORCHA de Ribadavia.
00:00h. Dará comezo a verbena coa actuación da orquestra espectáculo MARBELL e no descanso, voltará a charanga SORCHA de Ribadavia.

SÁBADO, 1 de agosto

12:00 h. I mostra popular de viños da Arnoia.
12:30 h. Degustación dos pementos na compañía da charanga TRASPÉS.
16:30h. Actividades na área recreativa do Inquiau: festa infantil (xogos, karaoke, festa da escuma...).
19:30 h. De novo, degustación dos mellores pementos do país e o selecto viño do Ribeiro. Todo elo amenizado pola charanga TRASPÉS.
22:00 h. I Festival - Certame de pandereiteiras "ARNOIA VIVA" coa actuación dos grupos BRINCADEIRA, A SUBELA e TRASPÉS.
00:15h. Dará comezo a actuación do grupo CLAXXON.

DOMINGO, 2 de agosto

10.00 h. I carreira popular "8.000 varas da Arnoia".
12:15 h. Alborada e procesión dende a igrexa parroquial ata o recinto da festa acompañados do grupo de gaitas OS 4 QUINTOS.
13:00 h. Misa e ofrenda dos froitos da nosa terra no campo da festa.
14:00 h. A charanga MEKÁNKA deleitaranos coa súa boa música mentres degustamos os nosos pementos.
19:30 h. De novo pementos, pan, viño e postre acompañados pola charanga MEKÁNKA.
23:00h. Actuación da gran orquestra COSTA OESTE para poñer o remate da XXXVI edición da FESTA do PEMENTO e o I FESTIVAL - CERTAME DE PANDERETEIRAS "ARNOIA VIVA".
"Arnoia, a terra do Pemento". A nosa xente convidavos a degustar o noso produto e a disfrutar dunha gran festa no entorno natural da Queixeira. Vinde xantar, cear, bailar; pequenos e maiores... Esperámosvos!

COME, BEBE e DISFRUTA..... ata que o corpo aguante.